



Rexistro de presentación

Rexistro de entrada

TC.4005

SOLICITUDE: CAMBIO DE BASE DE COTIZACIÓN EN CONVENIOS ESPECIAIS

1.DATOS DO SOLICITANTE

1.1. PRIMEIRO APELIDO	1.1. SEGUNDO APELIDO	1.1. NOME	1.2. NÚMERO DA SEGURIDADE SOCIAL
1.3. DATA DE NACEMENTO	1.4. TIPO DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO		1.5. N° DOCUMENTO IDENTIFICATIVO
Día Mes Ano	D.N.I. TARXETA DE ESTRANXEIRO/A Só nacionais UE/EEE/Suíza PASAPORTE		
1.6. DOMICILIO			
1.7. DATOS TELEMATICOS			
CORREO ELECTRÓNICO			
ACEPTO ENVÍO COMUNICACIÓNS INFORMATIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL SI ☐ NON ☐ TELÉFONO MÓBIL			

2. DATOS DA SOLICITUDE

<u>CONVENIO ESPECIAL REGULADO PO LA ORDE TAS/2865/2003</u>	
2.1 NOVA BASE DE COTIZACIÓN	
a) Máxima ☐	b) Promedio ☐
c) Mínima ☐	d) Intermedia €
2.2. INCREMENTO DA BASE DE COTIZACIÓN (Só para base máxima, base media ou base intermedia).	
SI ☐ NON ☐	
2.3. RENUNCIA Á LA APLICACIÓN DO INCREMENTO DA BASE DE COTIZACIÓN QUE SE SOLICITOU	
SI ☐ NON ☐	
<u>CONVENIO ESPECIAL REGULADO POLA ORDE 18/07/1991</u>	
2.4. NOVA BASE DE COTIZACIÓN	
Base de cotización solicitada €	
2.5. INCREMENTO DA BASE DE COTIZACIÓN	
SI ☐ NON ☐	

3. DATOS PARA LA DOMICILIACIÓN DO PAGO DA CUOTA

3.1. CÓDIGO INTERNACIONAL CONTA BANCARIA (IBAN)									
3.2.DOCUMENTO IDENTIFICATIVO DO/A TITULAR DA CONTA DE DÉBITO	TIPO DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO		N° DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO						
	D.N.I.:	C.I.F.:	TARXETA DE EXTRANXEIRO/A:	PASAPORTE:					

SINATURA DA PERSOA SUBSCRITORA OU REPRESENTANTE LEGAL	DILIXENCIA DE NOTIFICACIÓN DA CORRECCIÓN E MELLORA DA SOLICITUDE	DILIXENCIA DE NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN
	Data: D.N.I.: SINATURA:	Data: D.N.I.: SINATURA:
CORRECCIÓN E/OU MELLORA REQUIRIDA		



RESGARDO DE SOLICITUDE DE CAMBIO DE BASE DE COTIZACIÓN EN CONVENIOS ESPECIAIS

Coa data que se indica no reverso do presente documento, tivo entrada no rexistro desta administración da Seguridade Social a solicitude cuxos datos figuran a continuación:

DATOS DA PERSOA SUBSCRITORA

N.º DE SEGURIDADE SOCIAL DA PERSOA TRABALLADORA

N.º DE SEGURIDADE SOCIAL DA PERSOA TRABALLADORA

Rexistro de entrada

PRAZO DE RESOLUCIÓN: O prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre esta solicitude será de corenta e cinco días, contados a partir da data da súa entrada no rexistro da dirección provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou da administración da Seguridade Social competente para a súa tramitación. O prazo indicado poderá ser suspendido cando deba requirirse a corrección de deficiencias e a achega de documentos e outros elementos de xuízo necesarios, así como no resto dos supostos recollidos no artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Unha vez transcorrido o citado prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude poderá entenderse estimada, o que se comunica para os efectos do establecido no artigo 21.4 da Lei 39/2015.



CORRECCIÓN E/OU MELLORA DA SOLICITUDE

A solicitude de cambio de base de cotización en convenios especiais cuxos datos figuran a continuación non reúne os requisitos establecidos polo artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e/ou polos recollidos no Regulamento xeral aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, polo que non se pode ditar resolución expresa no mesmo acto da presentación da solicitude.

DATOS DA PERSOA SUBSCRITORA

N.º DE SEGURIDADE SOCIAL DA PERSOA TRABALLADORA

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, nun prazo de DEZ DÍAS, a empresa solicitante deberá emendar a falta que se indica e/ou acompañar os documentos que se relacionan.

No caso de que non se emende a falta ou non se entreguen os documentos solicitados, considerarase que desiste da súa petición, ditarase a correspondente resolución e notificaráselle á Inspección de Traballo e Seguridade Social para os efectos pertinentes.

PRAZO DE RESOLUCIÓN: O prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre esta solicitude será de corenta e cinco días, contados a partir da data da súa entrada no rexistro da dirección provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou da administración da Seguridade Social competente para a súa tramitación. O prazo indicado poderá ser suspendido cando deba requirirse a corrección de deficiencias e a achega de documentos e outros elementos de xuízo necesarios, así como no resto dos supostos recollidos no artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Unha vez transcorrido o citado prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude poderá entenderse estimada, o que se comunica para os efectos do establecido no artigo 21.4 da Lei 39/2015.

Rexistro de saída

PRAZOS DE PRESENTACIÓN E EFECTOS DA SOLICITUDE

As persoas subscritoras de convenios especiais regulados pola Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 18 de xullo de 1991 poderán solicitar a modificación da base de cotización do convenio especial para o ano natural no que se efectúe a petición de cambio ou ben o incremento da base de cotización deste.

Prazo de solicitude: de xaneiro a marzo do ano en curso. Non admite modificacións posteriores para ese exercicio.

Efectos: O mesmo ano da solicitude.

As persoas subscritoras de convenios especiais regulados pola Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, vixente a partir do 1 de abril de 2004, poderán solicitar o cambio de base de cotización e/ou solicitar/renunciar ao incremento correspondente.

Prazo de solicitude: de xaneiro a setembro do ano en curso. Se dentro do prazo formula máis dunha petición respecto ao cambio de base e/ou solicitude/renuncia do incremento para o mesmo ano, só se considerarán os datos da última solicitude.

Efectos: a nova base de cotización será efectiva desde o 1 de xaneiro do ano seguinte ao da solicitude.

Se, xunto co cambio de base, se marcan as opcións de solicitude/renuncia ao incremento na revalorización da base, no ano próximo aplicarase a nova base elixida e o incremento ou a renuncia producirán efecto a partir do ano seguinte ao próximo.

INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR O MODELO

XENERAIS

- Este documento ten formato PDF editable para que resulte doado cubrilo de forma electrónica. Con todo, tamén pode imprimirse e completarse manualmente con letras maiúsculas, sen emendas nin riscos.
- Os espazos sobre fondo gris debe cubrilos a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

ESPECÍFICAS

1. DATOS DA PERSOA TRABALLADORA

É **obligatorio** cubrir os seguintes datos, **salvo que se indique o contrario**.

1.1. Apelidos e nome.

1.2. Número da Seguridade Social.

1.3. Data de nacemento.

1.4. Tipo e número do documento identificativo: marque cunha "X" o tipo de documento identificativo (DNI, tarxeta de estranxeiro/a (NIE) ou pasaporte) e anote o número de documento.

1.5. Domicilio.

1.6. Datos telemáticos: a aceptación do envío de comunicacións informativas da Seguridade Social esixe indicar un correo electrónico e/ou un número de teléfono móbil.

2. DATOS DA SOLICITUDE

CONVENIO ESPECIAL REGULADO POLA ORDE TAS/2865/2003

Pódese optar por solicitar un cambio de base e/ou solicitar/renunciar ao incremento da base de cotización do convenio.

2.1. NOVA BASE DE COTIZACIÓN

A persoa solicitante pode solicitar cambiar a base de cotización do seu convenio entre as seguintes:

a) Máxima. A base máxima de cotización por continxencias comúns do grupo de cotización correspondente á categoría profesional da persoa interesada ou no réxime en que estivese encadrada, na data de baixa no traballo determinante da subscrición do convenio especial, sempre que cotizase por ela polo menos durante vinte e catro meses, consecutivos ou non, nos últimos cinco anos.

b) Media. A base de cotización que sexa o resultado de dividir por 12 a suma das bases por continxencias comúns polas que se efectuaron cotizacións, respecto da persoa traballadora solicitante do convenio especial, durante os 12 meses consecutivos anteriores a aquel en que producise efectos a baixa ou se extingue a obriga de cotizar e que sexa superior á base mínima á que se refire o apartado c) seguinte.

c) Mínima. A base mínima de cotización vixente, na data de efectos do convenio especial, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores autónomos (RETA) ou no réxime de que se trate, de resultar esta superior á base mínima do RETA.

d) Intermedia. Unha base de cotización que estea comprendida entre as bases determinadas conforme ao disposto nos apartados a), b) e c) anteriores.

2.2. INCREMENTO DA BASE DE COTIZACIÓN

Só pode solicitarse a aplicación do incremento da base de cotización do convenio especial no caso de que se elixise a base máxima, a base media ou a base intermedia. De solicitar o incremento da base de cotización, aplícase a porcentaxe en que se incrementa a base máxima de cotización do réxime de que se trate.

2.3. RENUNCIA Á APLICACIÓN DO INCREMENTO DA BASE DE COTIZACIÓN

Se selecciona "Si", a base de cotización do convenio deixará de revalorizarse conforme á porcentaxe en que se incremente a base máxima de cotización do réxime de que se trate e incrementarase na porcentaxe de incremento da base mínima do RETA.

CONVENIO ESPECIAL REGULADO POLA ORDE 18/07/1991

Unicamente se pode solicitar ou unha nova base de cotización ou a aplicación do incremento.

2.4. Nova base de cotización: Hase de anotar o importe dunha base de cotización que estea comprendida entre a base mínima e a base máxima vixentes do Réxime de procedencia.

2.5. Incremento da base de cotización: en caso de solicitar o incremento da base de cotización, aplicarase a porcentaxe en que se incremente a base mínima de cotización do réxime de que se trate.

3. DATOS PARA A DOMICILIACIÓN DO PAGO DE COTAS

É **obligatorio** cubrir os seguintes campos:

3.1. Conta bancaria (IBAN): anotarase a conta bancaria do suxeito responsable do pago de cotas.

3.2. Documento Identificativo da persoa titular da conta bancaria: cando a persoa titular da conta bancaria sexa distinta do suxeito responsable do pago das cotas, deberá presentarse xunto a esta solicitude o modelo TC1/15-3 debidamente cuberto e asinado pola persoa titular da conta bancaria e polo suxeito responsable do pago das cotas.

Mediante a domiciliación do pago de cotas, a Tesourería Xeral da Seguridade Social efectuará unha orde de cargo á súa entidade financeira para o pago de cotizacións en período voluntario. A entidade financeira efectuará o devandito cargo na súa conta, con carácter xeral, o último día hábil do mes que se trate.

Información Básica sobre protección de datos do tratamento "BASES DE COTIZACIÓN"

Responsable	Subdirección Xeral de Afiliación, Cotización e Recadación en Período Voluntario - Tesourería Xeral da Seguridade Social
Finalidade	Xestión integrada de bases de cotización de persoas traballadoras afiliadas ao réxime xeral da Seguridade Social e afíns. Xestión, actualización e consulta das bases de cotización dos traballadores e traballadoras afiliados ao réxime xeral da Seguridade Social. Facenda pública e xestión da Administración tributaria.
Lexitimación	RXPD, artigo 6.1.a): a persoa interesada deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos. RXPD, artigo 6.1.c): o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento. RXPD, artigo 6.1.e): o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.
Destinatarios	AEAT, xulgados e tribunais, Inspección de Traballo, mutuas colaboradoras, SEPE, INSS.
Dereitos	Dereito a acceder, a rectificar e a opoñerse a tratamentos non consentidos, así como outros dereitos, segundo se detalla na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información detallada sobre protección de datos e este tratamento na nosa sede electrónica: https://sede.segsocial.gob.es/wps/portal/sede/sede/Inicio/informacionUtil/SS-Proteccion_de_datos/